



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOECHE

Bases xerais e específicas da convocatoria para a estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria 2022

O Concello de Moeche, mediante Resolución da Alcaldía de data 16 de decembro de 2022, aprobou as bases xerais e específicas da convocatoria para a provisión en propiedade das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria 2022 para a estabilización do emprego temporal. (publicada no DOG nº 96 de 19 de maio de 2022 e 111 de 10 de xuño de 2022), que de seguido se publican

BASES XERAIS POLAS QUE SE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS QUE CONVOQUE O CONCELLO DE MOECHE PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO INCLUÍDAS NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO 2022 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL

Primeira. Obxecto da convocatoria

É obxecto das presentes bases a regulación dos aspectos comúns dos procesos selectivos para a convocatoria e proceso de selección de persoal laboral fixo, mediante procedemento de estabilización de emprego temporal por concurso /concurso-oposición, dentro do marco xeral de execución da Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2022, aprobada por Resolucións da alcaldía número 2022-0093, do 12 de maio e 2022-0095 de 19 de maio de 2022, publicada no no Diario Oficial de Galicia nº 96 do día 19 de maio e nº 111 de 10 de xuño de 2022.

As características das prazas estruturais vacantes son:

Denominación:	Auxiliar do servizo de axuda no fogar
Núm. de prazas:	1
Réxime	Persoal laboral
Forma de provisión	Consolidación emprego temporal.- Concurso-oposición
Denominación:	Auxiliares servizo axuda no fogar,
Núm. de prazas:	3
Réxime	Persoal laboral
Forma de provisión	Consolidación emprego temporal.- Concurso
Denominación:	Técnico/a deportivo/a,
Núm. de prazas:	1
Réxime	Persoal laboral
Forma de provisión	Consolidación emprego temporal. Concurso

As especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas que se aprobarán para rexer cada convocatoria.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes.

Para formar parte nas probas de selección, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, será necesario reunir as seguintes condicións xerais, na data que finalice o prazo de presentación de instancias:

- Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 de Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban n o caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da Lingua Galega correspondente a cada proceso de selección, que se especificará nas bases específicas. As persoas que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da Lingua Galega.
- Posuír a titulación esixida para cada praza.
- Outros requisitos que, de ser o caso, poidan esixirse nas correspondentes bases específicas.
- En aplicación do artigo 50.3 da lei 2/2015 de emprego publico de Galicia non poderán participar nos procesos selectivos as persoas que xa pertencen, como funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo os corpos, escalas ou categorías que son obxecto da convocatoria profesional

Terceira. Forma e prazo de presentación de instancias

1.- As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas de acceso , nas que as persoas aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia do Concello, e presentaranse no Rexistro electrónico xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

2.- As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso as persoas aspirantes deberá comunicalo mediante correo electrónico (correo@moeche.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración pública. En caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

3.- As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello <https://moeche.sedelectronica.gal/> e no Taboleiro de Anuncios, inseríndose un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases específicas incluírán o modelo de solicitude

4.- As persoas aspirantes con grao de discapacidade igual ou superior ao 33% poderán solicitar na instancia as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. Á súa solicitude achegará certificado de discapacidade onde se acrediten as deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido, para que posteriormente o Tribunal entre a valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Unha vez analizadas as necesidades específicas de cada un dos aspirantes que participan en quenda de reserva, o Tribunal adoptará as medidas necesarias de adaptacións de tempo e medios

5.- Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos

Cuarta. Admisións de aspirantes

1.- Finalizado o prazo dos vinte días naturais fixado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun (1) mes, pola que declarará aprobada a listaxe de persoas admitidas e excluídas, e especificara, de ser o

caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <https://moeche.sedelectronica.gal/> no no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

En caso de que non existan defectos para emendar, a listaxe provisional de admitidos considerárase definitiva para todos os efectos.

2. As persoas aspirantes excluído/as disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <https://moeche.sedelectronica.gal/> no no Taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica municipal.

3. Contra a resolución da Alcaldía, pola que se aproba a listaxe definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol.

4. O feito de figurar incluído na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

Quinta. Tribunal cualificador

1.- Antes de que teña lugar o comezo das probas e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello a resolución pola que se nomean as persoas membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.

2.- Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, así como artigo 60 do TREBER.

3.- Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando na medida do posible a paridade entre homes e mulleres. A súa composición será pronominalmente técnica e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para a que se precise titulación igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

4.- O persoal de elección ou de designación política, o funcionariado interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

5.- A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, e non poderá desempeñarse esta en representación ou por conta de ninguén.

6.- O tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de persoal asesor especialista, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do tribunal. O persoal asesor deberá gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no tribunal. Igualmente o tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo aconselleo.

7.- A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

8. As persoas membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

9. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe a Alcaldía para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

10. A partir da sesión de constitución de cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na LRXSP e ás bases xerais e ás específicas reguladoras de cada convocatoria.

11. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

12. Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de marzo.

Sexta: Sistema de selección

1.- De acordo co establecido na oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal o proceso de selección realizarase a través dalgún dos seguintes sistemas

- Sistema de concurso, que consistirá unicamente na valoración dos méritos alegados polas persoas aspirantes.
- Sistema de concurso-oposición que consistira na valoración dos méritos alegados polos aspirantes e na realización dunha ou varias probas selectivas de carácter obrigatorio.

2.- O Tribunal non valorará os méritos que non estean acreditados na forma descrita en cada convocatoria específica. En ningún caso se valoraran méritos non alegados ou non acreditados en prazo.

3.- Nas bases específicas das convocatorias estableceranse os méritos obxecto de valoración e o baremo aplicable no concurso, así como os correspondentes programas da fase de oposición

Sétima: Relación de aprobados, acreditación de requisitos esixidos e nomeamento

1.- Concluídas as probas da fase de oposición e a valoración dos méritos alegados polos aspirantes para o concurso, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Edictos do Concello de Moeche e na páxina web municipal a puntuación acadada por cada aspirante, e propoñerá a contratación das persoas aspirantes que acadasen as puntuacións mais altas nun número non superior ao das prazas convocadas

2.- Dentro do prazo de dez hábiles desde a publicación os aspirantes propostos deberán achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade en vigor. No caso de aspirantes que concorren as probas selectivas por tratarse de cónxuxes ou descendentes do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo, de que non está separada de dereito do seu cónxuxe, e no seu caso, do feito de que o aspirante vive as súas expensas ou está a seu cargo.
- Fotocopia compulsada do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite realizar e aprobar os estudos completos necesarios para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou validación.
- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non atoparse inhabilitados ou en situación equivalente, nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, non mesmos termos, o acceso a función pública.
- Certificado médico actualizado –considerarase actualizado se non ten unha antigüidade superior a tres meses–, sen prexuízo dun posterior recoñecemento, de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal exercicio das funcións propias da praza a desempeñar. No suposto de minusvalía deberá aportarse tamén o certificado acreditativo correspondente.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado
- Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, no seu caso, puidesen esixirse en cada base específica.

3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4. Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado como persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.

Oitava.- Nomeamento e contratación

1. Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes aprobadas, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados persoal laboral fixo pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2.- No prazo de 10 días hábiles a contar dende o nomeamento procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza. Poderá establecerse a superación do período de proba que corresponda de acordo coa normativa laboral, co que se culmina o proceso e o traballador adquirirá a condición de empregado público.

3.- Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Oitava. Incompatibilidades

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

Novena. Carácter vinculante das bases

Estas bases xerais vincularán o Concello de Moeche, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados a través das bases específicas de cada proceso selectivo.

Décima . Incidencias

1.- Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décima primeira.- Réxime xurídico

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nestas Bases Xerais e as específicas de cada unha das convocatorias e, no non previsto nestas, polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, no que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, que aproba a Lei do emprego público de Galicia; polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, no que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137); polo Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo, no que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e polo Real decreto 364/95, no que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Décima Segunda.- Disposición final

Estas bases xerais e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración tamén poderá, de ser o caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP?

BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE TÉCNICO/A DE DEPORTES, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE MOECHE, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL .**Primeira.-Obxecto.**

1.- As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica do proceso selectivo, a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo de técnico/a deportivo/a, previstas no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Moeche e que figuran incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria aprobada ó abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A indicada OEP foi publicada nos DOG nº 96 de 19 de maio de 2022 e 111 de 10 de xuño de 2022

2.- O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais xa aprobadas por este concello de Moeche para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria aprobada ó abeiro do establecido na Lei 20/2021, publicadas no DOG nº 96 de 9 de maio e 111 de 10 de xuño de 202

Segunda.-Características da praza convocada.

Denominación: Técnico/a deportivo/a

Clasificación: Grupo III. Xornada completa.

Retribucións: As recollidas na Relación de Postos de Traballo, Catálogo e/ou Plantilla de Persoal.

Terceira.- Funcións.

As funcións a desenvolver na praza de Técnico/a de deportes serán, en termos xenéricos, as seguintes:

- Elaboración de proxectos de animación socio-deportiva incorporando as últimas tendencias desde campo profesional e, no seu caso, propostas de mellora extraídas do seguimento de proxectos anteriores, aproveitando as convocatorias institucionais.
- Desenvolver e rexistrar o plan de avaliación dos proxectos de animación socio-deportiva, concretando os instrumentos e a secuencia de aplicación.
- Xestionar a posta en marcha dos proxectos de animación socio-deportiva, organizando os recursos e as accións necesarias para a súa promoción, desenvolvemento e supervisión do mesmo.
- Deseño de programas individuais de asesoramento deportivo.
- Programación do ensino de actividades físico-deportivas e actividades de inclusión socio-deportiva.
- Impartir distintas actividades deportivas
- Atención a piscina municipal na tempada de verán
- Organización de eventos deportivos (carreira popular, rutas de sendeirismo, campamentos deportivos, torneos, etc.)
- Xestión e supervisión das instalacións deportivas (pavillón, piscinas, pistas polideportivas, etc.)
- Xestión de contratacións externas (monitores, socorristas, empresas de eventos, voluntarios, etc.), de subvencións deportivas das distintas Administracións e da contratación de seguros.
- Atención a piscina municipal na tempada de verán
- Xestión da compra de material deportivo.
- Colaboración con outras Administracións e entes locais nos seus programas e actividades.
- Cobro das taxas relacionadas coas actividades deportivas e aluguer de instalacións.
- Xestión dos procesos de inscrición e asistencia das actividades deportivas.
- Calquera outra tarefa, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Cuarta.-Requisitos específicos das persoas aspirantes.

Ademais dos establecidos nas bases xerais, as persoas aspirantes deberán acreditar que reúnen os seguintes requisitos específicos:

1.-Titulación: Estar en posesión do título de Técnico superior e ensinanza e animación sociodeportivas ou análogo, ou titulación superior relacionada coas actividades físicas e deportivas, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación das instancias.

2.-**Protección xurídica do menor.** Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade coa previsión contida no artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo. Deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Xeral de delinquentes sexuais.

3.- Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

4.-Estar en posesión do nivel de CELGA 4, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, de conformidade con Sistema de Certificación de Língua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Língua galega). En todo caso, e de conformidade con

previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Língua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba escrita, específica de coñecemento da lingua galega, segundo o previsto na base segunda das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

As persoas aspirantes deberán posuír todos estes requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento

Quinta.- Documentación e prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado. A instancia solicitando participar no proceso selectivo, segundo o modelo establecido como anexo a estas bases específicas, virá acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida
- Certificación negativa do Rexistro Xeral de delinquentes sexuais
- Copia do Celga 4 ou equivalente
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a valoración na fase do concurso
- Copia do carné de conducir esixido
- Xustificante do pago dos dereitos de exame, por importe de 12,00 €

Sexta- Admisión e proceso de selección.

No non regulado por estas bases específicas estarase ao establecido nas Bases Xerais que rexen os procesos selectivos convocados polo Concello de Moeche para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria.

A valoración dos méritos proposta polo tribunal será obxecto de publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, dispoñendo os aspirantes dun prazo de tres días hábiles, contados a partir da publicación, para a presentación de alegacións, que serán resoltas polo tribunal, aprobando a relación definitiva que será elevada á alcaldía.

Sétima- Sistema de selección.

Valoración de méritos.

O proceso de selección realizarase polo sistema de concurso, que consistirá na valoración dos méritos que seguidamente se sinalan: A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

Méritos profesionais: 60 puntos

Neste apartado valorarase a experiencia profesional previa no desempeño de postos de traballo de igual categoría á que se opta, tendo en conta que se valorará, en aras do maior grao de eficiencia e eficacia no proceso selectivo, de maneira preferente aquela experiencia obtida no desempeño das tarefas e funcións propias do posto que se pretende estabilizar.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

- A) Servizos prestados en calidade de persoal temporal, no corpo, escala, categoría no concello de Moeche en prazas iguais ou equivalentes á que se opta: 1,00 punto por cada mes completo de servizos prestados.
- B) Servizos efectivos prestados no Concello de Moeche en calidade de persoal temporal noutra categoría diferente á praza obxecto de selección: 0,25 puntos por cada mes completo.
- C) Servizos efectivos prestados noutras Administracións Públicas do réxime local (distinta da entidade convocante) en calidade de persoal temporal, en prazas iguais ou equivalentes á que se opta: 0,35 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
- D) Servizos efectivos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,15 puntos por cada mes completo.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente.

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións.

A acreditación dos méritos por tempo de servizos prestados realizarase mediante certificación da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a Administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do grupo/categoría/posto, tipo de contrato: tempo completo ou parcial, é neste último caso, duración da xornada e a data de inicio e finalización da vinculación.

Outros méritos: 40 puntos:

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións públicas, ou outras entidade do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega (superior o establecido como requisito para tomar parte na convocatoria), relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros

Serán valorados por cada hora

Punto/hora .- 0,33 puntos /hora , ata un máximo de 40 puntos

Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

As persoas aspirantes que queden sen praza poderán pasar a formar parte dunha lista de agarda.

Oitava.- Criterios de desempate

No caso de que varios aspirantes acadasen a mesma puntuación, aplicaranse os seguintes criterios de desempate pola orde que se indican

1º.- Estar ocupando, con carácter temporal, a praza obxecto da convocatoria no Concello de Moeche

2ª .- Antigüidade total acumulada na praza obxecto da convocatoria no Concello de Moeche

3º.- Estar ocupando, con carácter temporal unha praza na mesma categoría que a convocada en calquera administración pública.

4º.- Estar ocupando, con carácter temporal, no concello de Moeche unha praza de distinta categoría que a convocada

5º.- Antigüidade total acumulada en calquera das administracións públicas

6º O/a de maior idade

Disposición final.- Incidencias e réxime de recursos.

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE

D./D.^a _____, de _____ anos, con DNI _____ e domicilio en _____, n.º _____, piso _____ C.P. _____, da localidade _____, e teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

- I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Moeche para a a provisión en propiedade dunha praza de técnico/a deportivo/a, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do concello de Moeche, para a estabilización do emprego temporal
- II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido no proceso para a a provisión laboral temporal duna praza de técnico de Igualdade., achegando para estes efectos a seguinte documentación :

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- Certificación negativa do Rexistro Xeral de delincuentes sexuais
- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.
- Certificado Celga 4 ou superior ou documento equivalente.
- Carnet de conducir tipo B
- Xustificante do pago dos dereitos de exame, por importe de 12,00 €

Moeche, ____ de _____ de 202_

(sinatura)

Asdo. (Nome e apelidos)

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE MOECHE”

RELACIÓN DOS MÉRITOS QUE SE ACHEGAN:

a) Experiencia profesional:

Administración	Categoría	Xornada %

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE TRES PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE MOECHE, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Primeira.-Obxecto

1.- As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica do proceso selectivo, a través do procedemento de concurso, para a provisión en propiedade de tres prazas de persoal laboral fixo de auxiliar de axuda no fogar, previstas no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Moeche e que figuran incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria aprobada ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A indicada OPE foi publicada nos DOG nº 96 de 19 de maio de 2022 e 111 de 10 de xuño de 2022

2.- O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais xa aprobadas por este Concello de Moeche para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria aprobada ó abeiro do establecido na Lei 20/2021, publicadas no DOG nº 96 de 9 de maio e 111 de 10 de xuño de 2022

Segunda.-Características da praza convocada

Denominación: Auxiliar de axuda no fogar

Clasificación: Grupo V. Xornada completa.

Retribucións: As recollidas na Relación de Postos de Traballo, Catálogo e/ou Cadro de Persoal.

Terceira.- Funcións

As funcións a desenvolver na praza de auxiliar de axuda no fogar serán, en termos xenéricos, a prestación os usuarios dos seguintes servizos:

1) Atencións de carácter persoal:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio para a mobilidade dentro do fogar, cambios posturais, mobilizacións e orientación espazo-temporal.
- Axuda para o aseo e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimenticio e axuda, de ser o caso, para alimentarse
- Supervisión das tomas de medicación simple prescrita polo médico.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Recollida e xestión de receitas e outros documentos da vida diaria
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
- Avisos necesarios ao coordinador/a correspondente de calquera cambio ou alteración do estado do usuario

2) Atencións de carácter doméstico:

- Apoio nas tarefas domésticas
- Preparación de alimentos
- Roupa (comprenderá lavado, pasar o ferro, etc...)
- Limpeza e coidados básicos do fogar, mantemento da salubridade e hixiene da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Apoio na organización doméstica.
- Actividades de lecer dentro do fogar.
- Acompañamento externo á vivenda: paseos, por exemplo.
- Asistencia na realización de vida saudable e activa

Calquera outra tarefa, propia da súa capacitación profesional e vinculada co eido competencial no que se integra.

Cuarta.-Requisitos específicos das persoas aspirantes

Ademais dos establecidos nas bases xerais, as persoas aspirantes deberán acreditar que reúnen os seguintes requisitos específicos:

1.-Titulación: deberan de estar en posesión dalgún dos seguintes títulos ou certificados de profesionalidade:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecidos polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a en Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade da ocupación de axuda a domicilio, regulado polo entón Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Así mesmo, poderán participar no presente proceso selectivo, aquelas persoas que estean en posesión da correspondente habilitación para o exercicio na categoría de auxiliar de axuda a domicilio, expedido por Administracións Públicas competentes en Servizos Sociais ou por aquel organismo público determinado pola Comunidade Autónoma, de conformidade coa Resolución 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Non obstante, aqueles aspirantes que accedan ao proceso selectivo cunha habilitación expedida pola Comunidade Autónoma correspondente, quedarán condicionados/as aos límites temporais e demais requisitos esixidos na habilitación/certificación habilitante.

2.- Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

3.- Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de Lingua Galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, de conformidade co Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua Galega). As persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba oral específica de coñecemento da Lingua Galega, segundo o previsto na base segunda das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará a persoa aspirante como apta ou non apta.

As persoas aspirantes deberán posuír todos estes requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

Quinta. -Documentación e prazo de presentación das solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado. A instancia solicitando participar no proceso selectivo, segundo o modelo establecido como anexo a estas bases específicas, virá acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida ou certificado de profesionalidade
- Copia do Celga 2 ou equivalente
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a valoración na fase do concurso
- Copia do carné de conducir esixido
- Xustificante do pago dos dereitos de exame, por importe de 10,00 €

Sexta.- Admisión e proceso de selección

No non regulado por estas bases específicas estarase ao establecido nas Bases Xerais que rexen os procesos selectivos convocados polo Concello de Moeche para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria.

A valoración dos méritos proposta polo tribunal será obxecto de publicación no taboleiro de edictos da Sede Electrónica municipal, e as persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir da publicación, para a presentación de alegacións, que serán resoltas polo tribunal, e aprobarase a relación definitiva que será elevada á Alcaldía.

setima.- Sistema de selección

Valoración de méritos.

O proceso de selección realizarase polo sistema de concurso, que consistirá na valoración dos méritos que seguidamente se sinalan: A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

Méritos profesionais: 60 puntos

Neste apartado valorarase a experiencia profesional previa no desempeño de postos de traballo de igual categoría á que se opta, tendo en conta que se valorará, en aras do maior grao de eficiencia e eficacia no proceso selectivo, de maneira preferente aquela experiencia obtida no desempeño das tarefas e funcións propias do posto que se pretende estabilizar.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

- A) Servizos prestados en calidade de persoal temporal, no corpo, escala, categoría no concello de Moeche en prazas iguais ou equivalentes á que se opta: 1,00 punto por cada mes completo de servizos prestados.
- B) Servizos efectivos prestados no Concello de Moeche en calidade de persoal temporal noutra categoría diferente á praza obxecto de selección: 0,25 puntos por cada mes completo.
- C) Servizos efectivos prestados noutras Administracións públicas do réxime local (distinta da entidade convocante) en calidade de persoal temporal, en prazas iguais ou equivalentes á que se opta: 0,35 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
- D) Servizos efectivos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,15 puntos por cada mes completo.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións públicas

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente.

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións.

A acreditación dos méritos por tempo de servizos prestados realizarase mediante certificación da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a Administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do grupo/categoría/posto, tipo de contrato: tempo completo ou parcial, é neste último caso, duración da xornada e a data de inicio e finalización da vinculación.

Outros méritos: 40 puntos

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da Lingua Galega (superior ao establecido como requisito para tomar parte na convocatoria), relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención á cidadanía, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros

Serán valorados por cada hora

Punto/hora .- 0,50 puntos /hora , ata un máximo de 40 puntos

Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

As persoas aspirantes que queden sen praza poderán pasar a formar parte dunha lista de agarda.

Oitava.- Criterios de desempate

No caso de que varias persoas aspirantes acadasen a mesma puntuación, aplicaranse os seguintes criterios de desempate pola orde que se indican

- 1º.- Estar ocupando, con carácter temporal, a praza obxecto da convocatoria no Concello de Moeche
- 2ª.- Antigüidade total acumulada na praza obxecto da convocatoria no Concello de Moeche
- 3º.- Estar ocupando, con carácter temporal unha praza na mesma categoría que a convocada en calquera Administración pública.
- 4º.- Estar ocupando, con carácter temporal, no concello de Moeche unha praza de distinta categoría que a convocada
- 5º.- Antigüidade total acumulada en calquera das administracións públicas
- 6º - Maior idade

Disposición final.- Incidencias e réxime de recursos

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado. Todo isto sen prexuízo do dereito das persoas interesadas a formular calquera outro recurso que se considere pertinente

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE

D./D.^a _____, de _____ anos, con DNI _____ e domicilio en _____, n.º _____, piso _____ C.P. _____, da localidade _____, e teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

- I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Moeche para a provisión en propiedade de tres prazas de auxiliar de axuda no fogar, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do concello de Moeche, para a estabilización do emprego temporal
- II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido no proceso para a a provisión laboral temporal duna praza de técnico de Igualdade., achegando para estes efectos a seguinte documentación :

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.
- Certificado Celga 2 ou superior ou documento equivalente.
- Carné de conducir tipo B
- Xustificante do pago dos dereitos de exame, por importe de 10,00 €

Moeche, ____ de _____ de 202 ____

(sinatura)

Asdo. (Nome e apelidos)

ALCALDESA DO CONCELLO DE MOECHE”

RELACIÓN DOS MÉRITOS QUE SE ACHEGAN:

a) Experiencia profesional:

Administración	Categoría	Xornada %

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE MOECHE, PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL , POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Primeira.-Obxecto.

1.- As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica do proceso selectivo, a través do procedemento de concurso-oposición, para a provisión en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo de auxiliar de axuda no fogar, previstas no cadro de persoal laboral fixo do Concello de Moeche e que figuran incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria aprobada ó abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A indicada OEP foi publicada nos DOG nº 96 de 19 de maio de 2022 e 111 de 10 de xuño de 2022

2.- O proceso selectivo réxese polo establecido nas presentes bases específicas e nas bases xerais xa aprobadas por este concello de Moeche para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas na Oferta Pública de Emprego extraordinaria aprobada ó abeiro do establecido na Lei 20/2021, publicadas no DOG nº 96 de 9 de maio e 111 de 10 de xuño de 2022

Segunda.-Características da praza convocada.

Denominación: Auxiliar de axuda no fogar

Clasificación: Grupo V. Xornada completa.

Retribucións: As recollidas na Relación de Postos de Traballo, Catálogo e/ou Plantilla de Persoal.

Terceira.- Funcións.

As funcións a desenvolver na praza de auxiliar de axuda no fogar serán, en termos xenéricos, a prestación os usuarios dos seguintes servizos:

1) Atencións de carácter persoal:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio para a mobilidade dentro do fogar, cambios posturais, mobilizacións e orientación espazo-temporal.
- Axuda para o aseo e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimenticio e axuda, de ser o caso, para alimentarse
- Supervisión das tomas de medicación simple prescrita polo médico.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Recollida e xestión de receitas e outros documentos da vida diaria
- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
- Avisos necesarios ao coordinador/a correspondente de calquera cambio ou alteración do estado do usuario

2) Atencións de carácter doméstico:

- Apoio nas tarefas domésticas
- Preparación de alimentos
- Roupa (comprenderá lavado, pasar o ferro, etc...)
- Limpeza e coidados básicos do fogar, mantemento da salubridade e hixiene da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Apoio na organización doméstica.
- Actividades de lecer dentro do fogar.
- Acompañamento externo á vivenda: paseos, por exemplo.
- Asistencia na realización de vida saudable e activa

Calquera outra tarefa, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Cuarta.-Requisitos específicos das persoas aspirantes.

Ademais dos establecidos nas bases xerais, as persoas aspirantes deberán acreditar que reúnen os seguintes requisitos específicos:

1.-Titulación: deberan de estar en posesión dalgún dos seguintes títulos ou certificados de profesionalidade:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermería establecidos polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermería que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a en Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou, de ser o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, ou, de ser o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- O certificado de profesionalidade da ocupación de axuda a domicilio, regulado polo entón Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Así mesmo, poderán participar no presente proceso selectivo, aquelas persoas que estean en posesión da correspondente habilitación para o exercicio na categoría de auxiliar de axuda a domicilio, expedido por Administracións Públicas competentes en Servizos Sociais ou por aquel organismo público determinado pola Comunidade Autónoma, de conformidade coa Resolución 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro de 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Non obstante, aqueles aspirantes que accedan ao proceso selectivo cunha habilitación expedida pola Comunidade Autónoma correspondente, quedarán condicionados/as aos límites temporais e demais requisitos esixidos na habilitación/certificación habilitante.

2.- Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

3.-Estar en posesión do nivel de CELGA 2, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de Lingua Galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, de conformidade co Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua Galega). As persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba oral específica de coñecemento da Lingua Galega, segundo o previsto na base segunda das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará a persoa aspirante como apta ou non apta.

Quinta-Documentación e prazo de presentación das solicitudes.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria específica no Boletín Oficial do Estado. A instancia solicitando participar no proceso selectivo, segundo o modelo establecido como anexo a estas bases específicas, virá acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida ou certificado de profesionalidade
- Copia do Celga 2 ou equivalente
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a valoración na fase do concurso
- Copia do carné de conducir esixido
- Xustificante do pago dos dereitos de exame, por importe de 10,00 €

Sexta.- Admisión e proceso de selección.

No non regulado por estas bases específicas estarase ao establecido nas Bases Xerais que rexen os procesos selectivos convocados polo Concello de Moeche para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria.

A valoración dos méritos proposta polo tribunal será obxecto de publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal, dispoñendo os aspirantes dun prazo de tres días hábiles, contados a partir da publicación, para a presentación de alegacións, que serán resoltas polo tribunal, aprobando a relación definitiva que será elevada á alcaldía.

setima- Sistema de selección.

O sistema de selección e o concurso-oposición

7.1.- fase de concurso, puntuación máxima 40 puntos

A puntuación máxima será de 40 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

Méritos profesionais: 30 puntos

Neste apartado valorarase a experiencia profesional previa no desempeño de postos de traballo de igual categoría á que se opta, tendo en conta que se valorará, en aras do maior grao de eficiencia e eficacia no proceso selectivo, de maneira preferente aquela experiencia obtida no desempeño das tarefas e funcións propias do posto que se pretende estabilizar.

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación no BOE desta convocatoria conforme o seguinte baremo:

- A) Servizos prestados en calidade de persoal temporal, no corpo, escala, categoría no concello de Moeche en prazas iguais ou equivalentes á que se opta: 1,00 punto por cada mes completo de servizos prestados.
- B) Servizos efectivos prestados no Concello de Moeche en calidade de persoal temporal noutra categoría diferente á praza obxecto de selección: 0,25 puntos por cada mes completo.
- C) Servizos efectivos prestados noutras Administracións Públicas do réxime local (distinta da entidade convocante) en calidade de persoal temporal, en prazas iguais ou equivalentes á que se opta: 0,35 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
- D) Servizos efectivos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,15 puntos por cada mes completo.

Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual, os prestados en asignación de funcións ou asignación de tarefas nin en comisión de servizos voluntaria por persoal procedente doutras Administracións Públicas

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais. Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente.

Non se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a experiencia adquirida ao servizo de empresas que presten servizos externalizados polas devanditas Administracións.

A acreditación dos méritos por tempo de servizos prestados realizarase mediante certificación da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a Administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, a denominación do grupo/categoría/posto, tipo de contrato: tempo completo ou parcial, é neste ultimo caso ,duración da xornada e a data de inicio e finalización da vinculación.

Outros méritos: 10 puntos:

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións públicas, ou outras entidade do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados trasversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da Lingua Galega (superior o establecido como requisito para tomar parte na convocatoria), relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros

Serán valorados por cada hora

Punto/hora .- 0,50 puntos /hora , ata un máximo de 10 puntos

Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.

As persoas aspirantes que queden sen praza poderán pasar a formar parte dunha lista de agarda.

7.2.- Fase de oposición.- Puntuación máxima 60 puntos

Realización dun exercicio, obrigatorio que consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 30 preguntas, con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria, incluíranse ademais 3 preguntas

de reserva. Neste exercicio cada pregunta constará de tres posibles respostas, sendo soamente unha correcta, valorándose con 2 puntos cada resposta acertada. Para superalo será necesario obter, polo menos unha puntuación mínima do 25% (15 puntos)

As persoas aspirantes que queden sen praza poderán pasar a formar parte dunha lista de agarda.

Oitava.- Criterios de desempate

No caso de que varios/as aspirantes acadasen a mesma puntuación, aplicaranse os seguintes criterios de desempate pola orde que se indican

- 1º.- Estar ocupando, con carácter temporal, a praza obxecto da convocatoria no Concello de Moeche
- 2ª .- Antigüidade total acumulada na praza obxecto da convocatoria no Concello de Moeche
- 3º.- Estar ocupando, con carácter temporal unha praza na mesma categoría que a convocada en calquera administración pública.
- 4º.- Estar ocupando, con carácter temporal, n o concello de Moeche unha praza de distinta categoría que a convocada
- 5º.- Antigüidade total acumulada en calquera das administracións públicas
- 6º Maior idade

Disposición final.- Incidencias e réxime de recursos.

Contra estas bases específicas, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo ou desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do recurso potestativo de reposición ou en que este se deba entender desestimado. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE

D./D.^a _____, de _____ anos, con DNI _____ e domicilio en _____, n.º _____, piso _____ C.P. _____, da localidade _____, e teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Moeche para a a provisión en propiedade dunha praza de auxiliar de axuda no fogar, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do concello de Moeche, para a estabilización do emprego temporal

II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido no proceso para a a provisión laboral temporal duna praza de auxiliar de axuda no fogar, achegando para estes efectos a seguinte documentación :

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Título esixido para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.
- Certificado Celga 2 ou superior ou documento equivalente.
- Carnet de conducir tipo B
- Xustificante do pago dos dereitos de exame, por importe de 10,00 €

Moeche, ____ de _____ de 2022

(sinatura)

Asdo. (Nome e apelidos)

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE MOECHE”

RELACIÓN DOS MÉRITOS QUE SE ACHEGAN:

a) Experiencia profesional:

Administración	Categoría	Xornada %

ANEXO II: TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais. , Dereitos e deberes fundamentais dos españois
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia, principios xerais
3. O municipio. Organización municipal. Competencias. O alcalde. O Pleno.
4. O persoal ó servizo das administracións públicas. Deberes e dereitos. O Persoal laboral na administración local.
5. Ordenanza de Normalización lingüística do concello de Moeche
6. Normativa que regula o servizo de axuda no fogar. Ordenanza municipal reguladora do servizo.
7. O servizo de axuda no fogar: obxectivos do SAF. Organización do SAF.
8. Tarefas e funcións do persoal do servizo de axuda no fogar.
9. Prestacións do servizo de axuda no fogar. Financiamento
10. Dereitos e deberes das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.
11. Prevención de riscos laborais. Riscos asociados á tarefa: Pautas de actuación ante riscos laborais.
12. O Concello de Moeche. Configuración xeográfica. Límites. Termo municipal. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Moeche.

Moeche, 16 de decembro de 2022

A Alcaldesa Asdo. Beatriz Bascoy Maceiras

2022/7998